

Informe de Intervención
Asunto: Liquidación Orzamento Concello Lugo Ano 2020

Antecedentes

-Peche da contabilidade respecto dos estados necesarios para proceder á liquidación do exercicio con data 26/2/2021 (última operación do exercicio 2020 co número 202000127808), e comunicación á Intervención, xuntando o informe da cuantificación dos saldos de difícil ou imposible recadación, segundo o art. 193 bis do RDL 2/2004.

-Decreto número 1425/2021 de data 25/2/2021, de aprobación dos estados consolidados correspondentes á liquidación do exercicio 2020 do Orzamento do Excmo. Concello de Lugo e as contas anuais da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A.

-Formación do expediente de Liquidación do exercicio 2020.

-Remisión a Intervención para emisión de informes en base á proposta remitida.

De conformidade co disposto no **artigo 90 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril**, en relación co **artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo**, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo Interventor Xeral que subscribe emítese o seguinte

INFORME

PRIMEIRO.

Con carácter previo, esta Intervención debe manifestar que o informe da Liquidación do orzamento do exercicio 2020, toma como referencia os documentos liquidatorios deducidos da contabilidade do exercicio e remitidos a esta Intervención polo Servizo de Contabilidade unha vez realizadas as anotacións contables pendentes e unha vez ultimados os axustes derivados do análise do estado de gastos con financiamento afectado e o cálculo das correspondentes desviacións de financiamento, segundo o resumo establecido nos libros auxiliares que se xuntan ó expediente, debéndose as posibles desviacións existentes á toma en consideración por parte da Intervención daqueles datos que lle constan con certeza, no exercicio das funcións atribuídas en materia de xestión orzamentaria e que non teñen un axeitado reflexo contable.

A presente liquidación realízase dentro do prazo legal establecido na normativa vixente, xa que ó abeiro do artigo 89.2 do Real Decreto 500/1990

INTERVENCIÓN

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

en relación co artigo 191.3 Real Decreto Legislativo 2/2004 "La confección de los estados demostrativos de la liquidación del presupuesto deberá realizarse antes del día primero de marzo del ejercicio siguiente". O peche

En relación ó estado de consolidación respecto das Contas da Sociedade Mercantil EVISLUSA, de participación íntegra local no seu capital social, xúntase ó expediente informe da Tesourería de data 25/2/2021 no que se incorpora a proposta de consolidación de contas do Concello de Lugo e Evislusa aprobada por decreto 1425/2021 do 25/02/2021 ,sen prexuízo do seu condicionamento ó informe de auditoría e a aprobación pola Xunta Xeral de accionistas respecto das contas da sociedade mercantil (formuladas e aprobadas en Consello de Administración).

ESTADOS CONSOLIDADOS:**ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS 2020 - LIQUIDACIÓN**

	ESTADO DE GASTOS	LIQUIDACION ORZAMENTO CORPORACIÓN (ORN)	ORZAMENTO EVISLUSA	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	AXUSTES A REALIZAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
1	Gastos de Persoal.	25.898.724,07	223.835,18	0,00	0,00	26.122.559,25
2	Gastos en Bens Correntes e Servizos.	47.199.410,47	21.633,40	0,00	0,00	47.221.043,87
3	Gastos Financeiros.	120.289,31	728,58	0,00	0,00	121.017,89
4	Transferencias Correntes.	8.620.781,16	0,00	-255.047,99	8.850,83	8.374.584,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	81.839.205,01	246.197,16	-255.047,99	8.850,83	81.839.205,01
6	Investimentos Reais.	6.870.468,11	0,00	0,00	0,00	6.870.468,11
7	Transferencias de Capital.	907.418,04	0,00	0,00	0,00	907.418,04
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	7.777.886,15	0,00	0,00	0,00	7.777.886,15
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	89.617.091,16	246.197,16	-255.047,99	8.850,83	89.617.091,16
8	Activos	23.672,15	0,00	0,00	0,00	23.672,15

	Financeiros.					
9	Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	23.672,15	0,00	0,00	0,00	23.672,15
	Total	89.640.763,31	246.197,16	-255.047,99	8.850,83	89.640.763,31

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS 2020 - LIQUIDACIÓN

	ESTADO DE INGRESOS	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO CORPORACIÓN (DRN)	ORZAMENTO EVISLUSA	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	AXUSTES A REALIZAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
1	Impostos Directos.	35.404.421,20	0,00	0,00		35.404.421,20
2	Impostos Indirectos.	3.190.239,10	0,00	0,00		3.190.239,10
3	Taxas e Outros Ingresos.	16.657.799,57	0,00	0,00		16.657.799,57
4	Transferencias Correntes.	23.980.707,11	255.047,99	-255.047,99		23.980.707,11
5	Ingresos Patrimoniais.	218.943,45	0,00	0,00		218.943,45
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	79.452.110,43	255.047,99	-255.047,99		79.452.110,43
6	Alleamento de Investimentos Reais.	18.854,83		0,00		18.854,83
7	Transferencias de Capital.	542.777,04	0,00	0,00		542.777,04
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	561.631,87	0,00	0,00		561.631,87
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	80.013.742,30	255.047,99	-255.047,99		80.013.742,30
8	Activos Financeiros.	22.119,58	0,00	0,00		22.119,58
9	Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00		0,00
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	22.119,58	0,00	0,00		22.119,58
	TOTAL	80.035.861,88	255.047,99	-255.047,99		80.035.861,88"

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

En relación á análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, verificación do cumprimento da Regra de Gasto e a análise da débeda viva, constitúe obxecto do informe independente que complementa ó presente.

Esta Intervención considera conveniente manifestar as seguintes **consideracións relevantes** e relacionadas coa aplicación do contido normativo contable e orzamentario das seguintes magnitudes orzamentarias que se plasman na presente liquidación e cuxa cuantificación se realiza en base ós criterios normativos que a continuación se expoñen:

Remanente de Tesourería

A) O Remanente de Tesourería, segundo o establecido no apartado 24.6 da **Orden HAP/1781/2013 do 20 de setembro** pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, obténse *“como suma de los fondos líquidos más los derechos pendientes de cobro, deduciendo la obligaciones pendientes de pago y agregando las partidas pendientes de aplicación” de conformidade coa cuantificación establecida nos apartados seguintes.*

De conformidade co estado incluído na Conta Xeral segundo o modelo do apartado 24.6 da Memoria das contas anuais da Corporación, a magnitude do Remanente de Tesourería Total ten as seguintes compoñentes diferenciadas :

a) *Excesos de Financiamento Afectado*: derivado das Desviacións de financiamento positivas, acumuladas e por conceptos ou axentes financiadores, calculadas segundo se establece na *Regla 29.5 da Instrucción do Modelo Normal* da Contabilidade Local. As desviacións de financiamento acumuladas, de existir, recollen o desfase existente entre os ingresos orzamentarios recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas derivadas da execución dun proxecto de gasto con financiamento afectado, dende o inicio dese proxecto ata o momento do seu cálculo; é dicir, recollería, para cada concepto de ingresos afectado (para cada axente financiador), o desfase ou desviación entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas que deberían terse recoñecido en función da porcentaxe de financiamento comprometido.

En todo caso, convén lembrar que un gasto con financiamento

afectado “es cualquier proyecto de gasto que se financie, en todo o en parte, con recursos concretos que en caso de no realizarse el gasto no podrían percibirse o si se hubieran percibido deberían reintegrarse a los agentes que lo aportaron”

b) *Saldos de dudoso cobro*: En aplicación do principio de prudencia e imaxen fiel do patrimonio da entidade, aplícanse as porcentaxes de axuste respecto do dudoso cobro informadas pola Tesourería Municipal (Informe de data 26/2/2021.

En todo caso, respétase os criterios legais de mínimos sinalados na lexislación vixente: Lei 27/2013 de modificación do Real Decreto legislativo 2/2004 TRLFL

- «Artículo 193 bis *Derechos de difícil o imposible recaudación*

Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:

- o **a)** *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*
- o **b)** *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*
- o **c)** *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.*
- o **d)** *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento.»*

c) *Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGX)*: Obténse como diferencia entre o Remanente de Tesourería Total menos os excesos de financiamento afectado (Desviacións acumuladas, positivas e por conceptos de axentes financiadores) e os saldos de dudoso cobro.

RTGX: RTT - Excesos de Financiamento Afectado - Saldos de dudoso cobro

Esta magnitude, RTGX, constitúe o financiamento dispoñible para o financiamento de gastos xerais mediante a tramitación do correspondente expediente de modificación orzamentaria (entre as que figuran as

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

incorporacións de remanentes de crédito).

Resultado Orzamentario

O resultado orzamentario do exercicio defínese como a diferenza entre os dereitos orzamentarios netos liquidados durante o exercicio e as obrigas orzamentarias recoñecidas netas durante o mesmo período. Neste mesmo sentido, constitúe una magnitude que ó final de cada exercicio debe por de manifesto, de acordo co seu signo, o déficit ou superávit obtido polo suxeito contable derivado exclusivamente da execución do orzamento ó que se refire.

O Resultado orzamentario regúlase nos artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril e no apartado 10ª das Normas de elaboración de las Cuentas Anuales de la Orden HAP/1781/2013; así, esta magnitude deberá axustarse en función das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais e das desviacións de financiamento do exercicio derivadas de gastos con financiamento afectado (**Regra 29.5**), globais, imputables ó exercicio e positivas (réstanse ó resultado orzamentario) e negativas (súmanse ó resultado orzamentario).

Remanentes de crédito

O principio de anualidade orzamentaria na execución implica que os gastos orzamentados deben executarse dentro do exercicio, xa que, como dispón o **artigo 175 TRLRHL** (reproducido no **artigo 92 do Real Decreto 500/1990**) «*los créditos para gastos que el último día del ejercicio presupuestario no estén afectados al cumplimiento de obligaciones ya reconocidas quedarán anulados de pleno Derecho, sin más excepciones que las señaladas en el art. 182 de esta Ley*». Excepcións consistentes en incorporar ó orzamento do exercicio seguinte certos remanentes dos créditos (uns aínda dispoñibles, outros retidos e outros xa dispostos), pero con suxeición a determinados requisitos, límites e condicionamentos legalmente taxados. A estos efectos, os remanentes de créditos defínense no **artigo 98 del Real Decreto 500/1990**, que contempla dúas especies:

- a) os remanentes que necesariamente se anularán ó fin do exercicio,
- b) aqueles outros que poden ser incorporados ó exercicio seguinte; destes últimos, únicamente algúns deben incorporarse necesariamente, mentras que nos restantes a súa incorporación é optativa.

Son remanentes non incorporables, conforme ó **art. 47.2 do Real Decreto 500/1990**, «*los créditos declarados no disponibles ni los remanentes de créditos ya incorporados en el ejercicio precedente*». Esta circunstancia é acorde cos condicionamentos que para a incorporación establecen os **artigos 182.2 TR LRHL e 47. 4 e 5 do Real Decreto 500/1990**. E son remanentes incorporables consonte o **artigo 47.1 do Real Decreto 500/1990**, que coincide no esencial co **artigo 182 TR LRHL**, os créditos que amporen compromisos de gasto do exercicio anterior a que fai referencia o **art. 26.2.b)** deste Real Decreto. E, dentro destes, debe distinguirse un grupo que forma parte dos do apartado d) do **art. 47.1**, cuxa incorporación é unha obriga: trátase dos sinalados no **artigo 182.3 TR LRHL** (“*los créditos que amporen proyectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obligatoriamente, salvo que se desista total o parcialmente de iniciar o continuar la ejecución del gasto*”).

Admitida a posibilidade de incorporación de certos remanentes, deben considerarse certos condicionamentos:

- a) a subordinación á existencia de suficientes recursos financeiros (art. 182.1 TRLRHL).
- b) a temporalidade, de maneira que os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario ó que a incorporación se acorde, que terá que ser, precisamente e obrigatoriamente, ó inmediato seguinte (artigo 182.2 TRLHL).

Polo tanto, os remanentes de crédito financiados con recursos propios do exercicio que non teñan a consideración de afectados, non poderán incorporarse máis dun exercicio. Non obstante, as necesidades derivadas da conveniencia e oportunidade -apreciada polos órganos xestores- en relación á execución de tales proxectos de gastos consignados, poderán tramitarse no exercicio presente, sempre que se acredite a existencia de fontes de financiamento, mediante a tramitación das modificacións orzamentarias sinaladas na normativa orzamentaria (e que poden ser consideradas como “incorporacións de remanentes *“impropias”*: suplementos de crédito, créditos extraordinarios).

SEGUNDO.

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

Corresponde ó Presidente da Entidade Local, logo de informe da Intervención, a aprobación da Liquidación do Orzamento da Entidade Local, dando conta o Pleno na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO.

Segundo o artigo **191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004**, "*Las entidades locales deberán confeccionar la liquidación de su presupuesto antes del día primero de marzo del ejercicio siguiente*".

A presente liquidación do exercicio 2020 preséntase a informe con data 26/2/2021 dentro do prazo establecido na lexislación vixente.

CUARTO.

A liquidación do Orzamento pódese definir de forma descriptiva como o conxunto de operacións matemáticas que se realizan ao peche de cada exercicio para determinar o importe das operacións en curso, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería (tanto o de gastos con financiamento afectado como o xeral ou líquido). Polo tanto, non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada ás operacións orzamentarias e a un exercicio económico determinado.

Constitúe un acto administrativo independente da Conta Xeral, tanto polo contido coma polo procedemento e o órgano competente para a súa aprobación.

Elaborados os estados demostrativos relativos á liquidación do Orzamento do Exercicio 2020, púxose de manifesto:

- a) *Respecto do Orzamento de Gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos ordenados e os pagamentos realizados.*
- b) *Respecto do Orzamento de Ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.*

c) Os dereitos pendentes de cobramento e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro.

d) O resultado orzamentario do exercicio.

e) Os remanentes de crédito.

f) O Remanente de Tesourería.

De conformidade co deducido dos estados contables remitidos polo Organo de xestión económico-financeiro, que se xuntan ó presente expediente, a liquidación do Orzamento de Gastos e ingresos do 2020 presenta o seguinte resumo:

Liquidación do orzamento de Gastos	€
Créditos iniciais	100.061.680,84
Modificacións dos créditos iniciais	26.844.739,45
Incorporación de remanentes de crédito	22.666.403,14
Créditos definitivos	149.572.823,43
Obrigas recoñecidas netas	89.640.763,31
Obrigas recoñecidas pendentes de pago	10.224,50
Remanentes de créditos	59.932.060,12

Liquidación do orzamento Ingresos	€
Previsións iniciais	100.061.680,84
Modificacións das previsións iniciais	49.511.142,59
Previsións definitivas	149.572.823,43
Dereitos recoñecidos netos	80.035.861,88
Ingresos Netos	69.455.563,94
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	10.580.297,94

Os excesos de previsións de ingresos e a existencia de remanentes de crédito son datos que hai que examinar con cautela sen que podan derivar en conclusións simplistas, xa que as modificacións orzamentarias financiadas con Excesos de Financiamento Afectado e, singularmente, as financiadas con Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, desvirtúan ese importe, xa que tal magnitude non figura na liquidación dos orzamentos de ingresos en canto a dereitos recoñecidos, por canto son dereitos xa recoñecidos en exercicios anteriores.

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

En relación ás magnitudes económico-orzamentarias e financeiras máis relevantes:

A) Resultado orzamentario do exercicio:

Con carácter previo, cómpre sinalar as principais diferencias salientables respecto da liquidación do exercicio 2019:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS

Concepto de Ingreso		2020	2019	Diferencia
11600	Incremento Valor Terreos Natureza Urbana	699.093,81	2.540.139,24	-1.841.345,43
29000	Importo s/construccións, instalacións e obras	935.330,13	1.846.923,18	-911.593,05
30000	Taxa o/subministración dom. Auga potable	2.949.360,36	4.062.985,47	-1.113.625,11
30100	Taxa p/sumidoiros	1.620.423,99	2.209.533,32	-589.109,33
30200	Taxa p/recollida domiciliaria de lixos	5.116.846,48	6.668.760,61	-1.551.914,13
32100	Taxa p/licenzas urbanísticas	351.277,30	798.371,33	-447.094,03
39120	Multas p/ infracción Ordenanza circulación	1.332.205,25	1.735.097,55	-402.892,30
55000	Concesións adm. c/contraprestac.periódica	217.729,07	528.183,40	-310.454,33
				-7.167.727,71

En relación ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (concepto de ingreso 11600), resulta cando menos sorprendente a diferenza dos dereitos recoñecidos netos en relación coa liquidación do exercicio 2019, ascendente a 1.841.345,43 €, en todo caso non imputable á situación extraordinaria actual motivada polo COVID19. Urxe que por parte das unidades xestoras, adopten as medidas necesarias para a implantación do sistema de autoliquidación do mencionado imposto, nas que o propio suxeito pasivo ou contribuínte realice a declaración do feito imponible, e en base aos datos declarados efectúe a liquidación do imposto determinando a cota tributaria. Deste xeito, o suxeito pasivo terá a obriga de efectuar o ingreso no momento de presentar a autoliquidación, sen perxuízo da súa posterior comprobación polo Servizo de Facenda Local, todo elo, de se-lo caso, previa modificación da Ordenanza núm. 201 reguladora do Imposto Municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Debe subliñarse a incidencia en termos comparativos derivados da imputación ó exercicio 2021 e non ó exercicio do 2020 dos importes relativos ós dereitos recoñecidos correspondentes ó cuarto trimestre dos padróns derivados das liquidacións de consumo pola aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do abastecemento e saneamento de auga

e recollida de residuos solidos urbanos, ao terse aprobados os padróns con data 4/1/2021.

En conclusión, ponse de manifesto por esta Intervención, que os estados de execución orzamentaria en materia de ingreso, en relación a exercicios precedentes, reflicten un importante estancamento na súa evolución, completamente diferente á evolución ascendente en materia de gastos, amosando un preocupante horizonte, polo que compre detectar aqueles feitos imponibles cuxa realización debora de implicar o nacemento dunha obriga de carácter tributaria, e que na actualidade non teñen reflexo na contabilidade municipal (Vid. aproveitamentos especiais da vía pública coma gaviás ou calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, instalación de arquetas, casetas de transformación de enerxía eléctrica, casetas de venda, espectáculos e actividades industriais ou recreativas instaladas na vía pública e terreos de uso público), todo elo sen perxuízo da conveniencia de actualización de taxas e prezos públicos, á vista da licitación ou modificación de contratos actuais moi ambiciosos, cun incremento extraordinario do gasto público, que non están amparados polo correspondente aumento en materia de recadación de ingresos (Servizo público de transporte urbán, servizo de limpeza viaria e recollida de residuos urbanos e transporte para o seu tratamento, entre outros)

Dos estados de execución orzamentaria dérivanse os seguintes datos:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	79.452.110,43	81.839.205,01		-2.387.094,58
b. Outras operacións non financeiras	561.631,87	7.777.886,15		-7.216.254,28
1. Total operacións non financeiras (a+b)	80.013.742,30	89.617.091,16		-9.603.348,86
2. Activos financeiros	22.119,58	23.672,15		-1.552,57
3. Pasivos financeiros	0	0		0
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	80.035.861,88	89.640.763,31		-9.604.901,43
Axustes:				

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

4. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos xerais	13.921.191,67	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	1.693.042,02	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.076.284,38	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO		4.933.047,88 euros

Cómpre salientar a diferenza de obrigas recoñecidas nos capítulos VI e VII existentes entre a Liquidación dos Orzamentos 2019 (3.279.395,95 €) e 2020 (7.777.886,15 €), o que sen dúbida redonda nunha minoración das magnitudes acadadas co obxecto da presente Liquidación orzamentaria.

Os **axustes do Resultado Orzamentario** veñen motivados polas seguintes consideracións:

A.Gastos financiados con Remanente de Tesorería para Gastos Xerais

Cando durante o exercicio orzamentario se tramitan modificacións do Orzamento de Gastos que se financian con RTGX, prodúcese un axuste ó Resultado Orzamentario polo importe das obrigas recoñecidas baseadas, precisamente, nese financiamento .

Exclúense deste axuste as obrigas recoñecidas e financiadas con Remanente de Tesorería afectado (Excesos de financiamento afectado), ó obxecto de evitar duplicidades entre o axuste por desviacións de financiamento e o relativo ó RTGX.

Segundo os datos aportados pola aplicación informático-contable e os datos derivados dos libros auxiliares así como do tratamento desa información por partidas de gastos verificados polo pesonal adscrito ó servizo de Intervención, o total de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2020 que se considera que se financiaron con **RTGX**, ascendeu á cantidade de **13.921.191,67 €, desglosadas do seguinte xeito :**

<i>Obrigas recoñecidas derivadas de IRC financiadas con RTGX:</i>	7.761.507,18
<i>Obrigas recoñecidas derivadas de expdtes de MC no exercicio financiadas con RTGX (Suplementos de crédito e Crédito</i>	6.159.684,49

<p>extraordinarios) <i>Obrigas recoñecidas derivadas de IRC financiadas con RTGX:</i> SC 1/2020: a) Gasto corrente : 2.943.454,85 € b) Gasto de capital: 490.380,14 €</p> <p>SC 2/2020: a) Gasto corrente : 1.282.009,46 € b) Gasto de capital: 110.453,06 €</p> <p>SC 3/2020: a) Gasto corrente : 1.264.409,18 € b) Gasto de capital: 68.977,80 €</p> <p>SC 4/2020: a) Gasto corrente: 0,00 €</p>	
---	--

B.Desviacións de Financiamento en Gastos con Financiamento Afectado.

As desviacións de financiamento dun exercicio orzamentario, poden definirse como ás que se producen cando a execución de gastos que se financian total ou parcialmente con aportacións ou ingresos concretos non se produce acompañada á realización dos ingresos afectados ós mencionados gastos.

Estas desviacións poden ser positivas ou negativas segundo que os ingresos realizados (dereitos recoñecidos) superen ós que deberíanse terse executado en función do gasto realmente executado, ou viceversa.

Matemáticamente, as desviacións de financiamento se calculan segundo a seguinte fórmula:

$$DF = DR - \text{Coefic Fin} \times OR$$

Onde

DF: Desviación de Financiamento

DR: Dereitos recoñecidos netos vinculados ós gastos (Código de proxecto)

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

Coefic Fin: Coeficiente de financiamento

Importe dos ingresos afectados (Recoñecidos e previstos)

Importe dos gastos que financian (Recoñecidos e previstos)

OR; Obrigas recoñecidas netas

Dende o punto de vista dos axustes ó Resultado Orzamentario ou Remanente de Tesourería, distínguense as seguintes clases de desviacións de financiamento:

a. Desviacións acumuladas: Refírense á totalidade do realizado para un gasto con financiamento afectado, dende o seu inicio ata o final dun determinado exercicio orzamentario. As desviacións acumuladas positivas conforman os Excesos de Financiamento Afectado, que conforman un compoñente do Remanente de Tesourería Total.

b. Desviacións imputables ó exercicio: son as que se producen na execución do orzamento que se liquida, e se obtén como resultado da comparación entre os dereitos recoñecidos durante o exercicio, por axente e concepto orzamentario, e a contía resultante de multiplicar os respectivos coeficientes polas obrigas recoñecidas durante o exercicio orzamentario. Tales desviacións, axustan ó Resultado Orzamentario: as positivas, réstanse , e as negativas, súmanse.

B.-Remanentes de crédito:

Créditos definitivos..... 149.572.823,43

Obrigas recoñecidas..... 89.640.763,31

Diferencia..... 59.932.060,12

Remanentes de crédito comprometidos..... 14.859.660,10

Remanentes de crédito non comprometidos..... 45.072.400,02

a) Autorizados : 16.608.803,78

b) Rc pendientes e non dispoñibles : 23.348.483,45

c) Saldos de créditos : 5.115.112,79

C. -Remanente de Tesourería

COMPONENTES	IMPORTES € ANO 2020	
1. (+) Fondos líquidos		33.292.314,63
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		36.237.356,30
- (+) do Orzamento corrente	10.580.297,94	
- (+) de Orzamentos pechados	20.644.491,54	
- (+) de operacións non orzamentarias	5.012.566,82	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		(8.886.609,67)
- (+) do Orzamento corrente	2.987.947,95	
- (+) de Orzamentos Pechados	48.786,48	
- (+) de operacións non orzamentarias	5.849.875,24	
4. Partidas pendentes de aplicación		1.556.769,74
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	(586.591,38)	
(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	2.143.361,12	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)		62.199.831,00
II. Saldos de dubidoso cobro (*)		(17.396.694,32)
III. Exceso de financiamento afectado (**)		(1.949.312,96)
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		42.853.823,72
V. Afectación RTGX IFS Art 32 (***)		(0,00)
VI. Acreedores dev ingreso (Axuste Ministerio Plataforma). Saldo Cuenta 418		(104.321,22)
VII. Remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible (I-II-III)- V-VI		42.749.502,5

Saldo de dereitos recoñecidos de difícil ou imposible recadación

Do Remanente de tesourería para financiar gastos xerais, deduciranse os *créditos de difícil ou imposible recadación*, segundo indica o art. 103 do R.D. 500/90, do 20 de abril; para tal efecto e de conformidade co **informe emitido pola Tesoureira Accidental de data 24/2/2021**, relativo **ás porcentaxes de recadación** de dereitos en función da evolución amosada no último exercicio. En todo caso, tales porcentaxes aplicados polo Concello que resultan **máis restrictivas** que as propostas sinaladas pola Lei 27/2013 de modificación do Real Decreto legislativo 2/2004 TRLFL (Art 193 bis)

EXERCICIO	IMPORTE PENDENTE	% DUBIDOSO COBRO	IMPORTE DUBIDOSO COBRO
1992	29.180,80	100%	29.180,80
1993	194.627,88	100%	194.627,88

INTERVENCIÓN

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

1994	130.744,03	100%	130.744,03
1995	47.271,40	100%	47.271,40
1996	44.542,68	100%	44.542,68
1997	85.992,20	100%	85.992,20
1998	410.802,52	100%	410.802,52
1999	411.374,67	100%	411.374,67
2000	80.637,72	100%	80.637,72
2001	126.998,36	100%	126.998,36
2002	164.815,78	100%	164.815,78
2003	242.547,17	100%	242.547,17
2004	414.256,71	100%	414.256,71
2005	163.262,49	100%	163.262,49
2006	355.269,53	100%	355.269,53
2007	275.856,07	100%	275.856,07
2008	249.477,65	100%	249.477,65
2009	287.044,69	100%	287.044,69
2010	366.748,61	100%	366.748,61
2011	524.236,73	100%	524.236,73
2012	993.593,89	100%	993.593,89
2013	1.273.965,37	100%	1.273.965,37
2014	2.090.058,66	100%	2.090.058,66
2015	2.073.923,35	92%	1.908.009,48
2016	2.269.478,26	92%	2.087.920,00
2017	1.975.364,77	92%	1.817.335,59
2018	2.564.629,72	92%	1.282.314,86
2019	2.797.789,83	50%	279.778,98
2020	10.580.297,94	10%	1.058.029,79
	31.224.789,48		17.396.694,32

Exceso de Financiamento Afectado

Incorpórase un estado resumo das Desviacións de Financiamento cuxo desenvolvemento se acompaña ó presente informe nos Anexos que se xuntan, indicando para cada Estado de Gastos (respecto das proxeccións dos gastos con financiamento afectado que o integran) as desviacións acumuladas positivas (Excesos de Financiamento Afectado), e as desviacións imputables ó exercicio (positivas –que restan ó resultado orzamentario- e negativas-que suman-)

	EFA	DESV. +	DESV. -
Corriente 15	25.165,42	0,00	0,00
Corriente 16	0,00	0,00	-629.847,15
Corriente 17	0,00	2.951,91	0,00
Corriente 18	20.961,97	153.494,37	-17.194,69
Corriente 19	61.068,05	557.836,93	-42.841,72
Corriente 20	30.338,62	30.338,62	-571.481,28
ICO/08	0,00	0,00	-3.439,23
VD/08	503.729,31	0,00	-2.603,52
Anteriores 09	220.429,59	0,00	0,00
Pxtos 10K	0,00	79.652,94	0,00
Pxtos 11K	241.936,71	0,00	0,00
Pxtos 13K	5.568,68	0,00	0,00
Pxtos 14k	10.885,68	0,00	0,00
Pxtos 15k	9.385,86	20.385,86	0,00
Pxtos 16k	6.039,70	0,00	0,00
Pxtos 17k	60.000,00	0,00	0,00
Pxtos 18 K	342.174,44	135.150,86	0,00
Pxtos 19 K	277.584,45	63.058,40	-373.123,86
Pxtos 20 K	33.414,50	33.414,50	0,00
Urban	100.629,99	0,00	-52.510,57
TOTAIS	1.949.312,96	1.076.284,38	1.693.042,02

D. - Aforro xerado durante o exercicio 2020

O aforro xerado en 2020, calculado sobre a diferenza dos dereitos liquidados por operacións correntes e que ascenden a 79.452.110,43 euros, e as obrigas recoñecidas e liquidadas tamén por operacións correntes, que ascenden a 81.718.915,70 euros (*excluído capítulo III*), resulta un aforro de - 2.266.805,27 euros.

ANEXO . INDICADORES RELEVANTES E COMPLEMENTARIOS ÁS MAGNITUDES DERIVADAS DA LIQUIDACIÓN 2020

INTERVENCIÓN

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020

Para unha máis completa valoración da información contida nos documentos que integran o Expediente de Liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2020, recóllense a continuación algúns indicadores considerados relevantes polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (**Aforro Bruto**, Anualidad teórica de amortización de los préstamos vivos, **Aforro Neto** e Análise da **Débeda Viva**).

PRIMEIRO. CALCULO DO AFORRO BRUTO; ANUALIDADE TEORICA DE AMORTIZACIÓN E AFORRO NETO (LIQUIDACIÓN ANO 2020). EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES

O artigo 53 do Texto Refundido da Lei de Facendas locais define o aforro neto das entidades locais como, “*la diferencia entre los derechos liquidados por los capítulos uno a cinco, ambos inclusive, del estado de ingresos, y de las obligaciones reconocidas por los capítulos uno, dos y cuatro del estado de gastos minorada en el importe de una anualidad teórica de amortización de la operación proyectada y de cada uno de los préstamos y empréstitos propios y avalados a terceros pendientes de reembolso.*”

El importe de la anualidad teórica de amortización de cada uno de los préstamos (...) Se determinará en todo caso, en términos constantes, incluyendo los intereses y la cuota anual de amortización, cualquiera que sea la modalidad y condiciones de cada operación.

(...)

En el ahorro neto no se incluirán las obligaciones reconocidas, derivadas de modificaciones de créditos que hayan sido financiadas con remanente líquido de tesorería”.

Modificación del Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público.(Lei 17/2012 de Presupostos Xerais do Estado para 2013 establece na súa DISPOSICIÓN FINAL TRIGÉSIMA PRIMERA. :

(...)

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado.(...).

ESTADO DO AFORRO NETO

1. DEREITOS LIQUIDADADOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	79.452.110,43 €
--	------------------------

(CAPÍTULOS 1 A 5) :	
2. OBRIGAS LIQUIDADAS POR OPERACIÓNS CORRENTES (CAPÍTULOS 1,2 4 e 5)	81.718.915,70 €
3. AFORRO BRUTO (1-2)	-2.266.805,27 €
4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN (*) : 2021: <i>anualidade real de amortización e intereses por AMORTIZACIÓN TOTAL DEBEDA</i>	0 €
5. AFORRO NETO (3-4) :	-2.266.805,27 €
6. AXUSTES (Obrigas recoñecidas financiadas con RTGX -gastos correntes-)	9.008.934,80 €
7. AFORRO NETO AXUSTADO (5 + 6)	6.742.129,53 €

SEGUNDO. CALCULO DO VOLUME DA DÉBEDA VIVA. EVOLUCIÓN: CUMPRIMENTO DE LÍMITES LEGAIS.

ANALISE DA DEBEDA VIVA *Disposic 74 LXE 2014 en relación Disposic Final 31 Lei 17/2012 PXE*

-Débeda financeira a 31/12/2021: 0 euros

Nova operación endebedamento proxectada 2021: 7.150.000 euros

Total saldo débeda neta: 7.150.000 euros

A efectos do límite de endebedamento respecto da autorización para a concertación da operación:

Débeda financeira/Dereitos liquidados operacións correntes 2020 (79.452.110,43 €): 8,999%

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e por debaixo do límite que estableceu a Disposición Final 31 da LPXE 2013 do 75%, aplicable como límite para a autorización na concertación de novas operacións de préstamo durante este exercicio.

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7201808336891375051.doc

Asunto: Liquidación 2020